



Por Decreto da Alcaldía (180/2016) de data 04/11/2016 aprobáronse as seguintes:

**"BASES DA CONVOCATORIA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS SUBVENCIONADA POLA XUNTA DE GALICIA-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. 2 PEÓNS A XORNADA COMPLETA.**

**Primeira.- Obxecto da convocatoria.**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal por contrato de obra ou servizo determinado, mediante concurso oposición, de 2 peóns para o Servizo de Vixiancia, Seguridade e Mantemento das Instalacións Municipais do Concello de Sobrado, para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompañou á solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 14 de xullo de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2016 (DOG nº 144 do 1 de agosto de 2016).

Esta contratación será a xornada completa, por modalidade contractual de contrato de servizo e obra de duración determinada de interese social, e terá un período de duración de seis meses, relacionado coa duración do programa subvencionado e segundo o previsto na resolución de concesión da subvención.

O contrato de duración determinada de interese social, rexerase polo establecido no contrato, sendo as retribucións mensuais de 764,40 € ao mes, estando a paga extra xa prorrataeada.

**Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes.**

- a) Ser español ou posuér a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril do Empregado Público de Galicia.
- b) Ter cumplidos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opte. Acreditarase mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.
- d) Non estar incursa/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- e) Os anteriores requisitos, deberanse posuér con referencia durante o proceso selectivo e mantelos ata o día da contratación se é o caso.
- f) Será nulo o nomeamento dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.



Serán **requisitos específicos** en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 os seguintes:

- A) Ser persoa desempregada inscrita no Servicio Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumplirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.
- B) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses, con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
- C) Requisito de titulación: Certificado de escolaridade ou graduado escolar ou equivalente.



#### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO.**

De presentar esta documentación os/as aspirantes que esten en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba oral de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obligatoria a realización dun exercicio-entrevista na data fixada pola comisión seleccionadora: Exercicio do coñecemento de galego, de carácter obligatorio e eliminitorio. Consistirá nunha proba oral a realizar nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

#### **Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso- Oposición.**

O Concello de Sobrado dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, presentará a correspondente oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Melide, facendo referencia aos requisitos que deben reunir o/a traballador/a a contratar conforme da anterior base segunda.

O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta que non poden repetir aqueles que se contratasen por un período igual ou superior a seis meses, con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, e aportará alomenos 2 candidatos e non máis de 10 remitindo novos candidatos se o Concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados na citada Orde na que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección do/a traballador/a desempregado/a, que será contratado/a a través dos programas de fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2016:



- A) Mulleres e, en especial, aquellas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- B) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquellas sen cualificación profesional.
- C) Persoas paradas de longa duración.
- D) Persoas con discapacidade.
- E) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- F) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.

Os/as aspirantes presentarán instancia (Anexo II) dirixida ao Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de **dous días hábiles** que se contarán dende o día seguinte a aquel no que se comunique os/as candidatos/as que o seu currículo foi enviado pola oficina de emprego. Na instancia farase constar que reunen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañando:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Copia cotexada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para as prazas antes da sinatura do correspondente contrato.
- Toda a documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.
- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

- Antigüedad como demandante de emprego será acreditada por medio da correspondente tarxeta de demandante de emprego ou copia compulsada da mesma.
- Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo, mediante copia compulsada do correspondente título ou diploma.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía acordará a aprobación da lista de admitidos e excluidos que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. Os excluidos disporán dun prazo dun día hábil para a subsanación. Se non hai reclamacións a lista terá carácter definitivo, ademáis de fixar a data, hora e lugar de realización da proba práctica xunto coa composición da Comisión Seleccionadora. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.



## Cuarta.- Comisión Seleccionadora.

A Comisión Seleccionadora deste concurso oposición, será designada polo Alcalde-Presidente do Concello de Sobrado.

A Comisión non poderá constituirse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

## Quinta.- Desenvolvemento do proceso selectivo (ANEXO I)

### a) FASE DE OPOSICIÓN:

**Exercicio de carácter obligatorio e eliminatorio. Realización dunha proba práctica (puntuación máxima 10 puntos):** Constará dunha proba práctica de carácter obligatorio e eliminatorio, na que haberá que realizar un exercicio práctico, consistente na realización dalgúnha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo, durante o tempo máximo que determine a Comisión Seleccionadora.

Esta proba valorarase de 0-10 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

Durante a realización desta proba a Comisión seleccionadora poderá formular as preguntas que considera oportunas, para unha mellor valoración das capacidades do/a aspirante.

### b) FASE DE CONCURSO:

A valoración de méritos farase unha vez rematada a fase de oposición e únicamente a aqueles aspirantes que superaron a proba práctica da fase de oposición.

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 7,00. O Tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos/as aspirantes conforme ao seguinte baremo:

#### 1) Por antigüedad como demandante de emprego (puntuación máxima 3 puntos):

- De 0 a 6 meses de demandante: 0,5 puntos.
- De 6 a 12 meses de demandante: 1 punto.
- De 12 a 24 meses de demandante: 2 puntos.
- De máis de 24 meses de demandante: 3 puntos.

Acreditación por medio da correspondente tarxeta de demandante de emprego ou copia compulsada da mesma.

#### 2) Formación (puntuación máxima 4 puntos):

Valoraranse os cursos homologados de formación e perfeccionamento seguintes recibidos relacionados coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos):

- Curso de prevención de riscos laborais relacionado co posto: **1 punto.**
- Outros cursos relacionados co posto (**ata 3 puntos**):
  - Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
  - Cursos de 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
  - Cursos de máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.



Os méritos deste apartado presentaranse por acreditación mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

### **3) Coñecemento da lingua galega.**

Os candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da lingua galega, Celga 2 ou superior, ou equivalente, deberán realizar unha proba oral de coñecemento da lingua galega, de carácter obligatorio e eliminatorio, que será calificada de apto ou non apto.

### **Sexta.- Cualificación final.**

A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de oposición e na fase de concurso, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superasen a fase de oposición.

  
A Comisión Seleccionadora elevará ao Alcalde-Presidente, a correspondente proposta de contratación, a favor dos/as candidatos/as que obtivera a maior puntuación total. En caso de empate, aplicaranse por orde os criterios de preferencia recollidos na Orde do 14/7/2016, publicada no DOG nº 144 de data 01/08/2016 pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as a través dos programas de fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2016.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non poidese acredita-los requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor do seguinte con maior puntuación total.

### **Sétima.- Formalización e duración do contrato.**

O contrato formalizarase a requerimento da Administración, previa presentación polos/as aspirantes seleccionados/as, no prazo de dous días hábiles, da seguinte documentación:

A) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exerce-la función propia a desenrolar.

B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.

A duración estimada do contrato será de seis meses dende a data de formalización do contrato.

### **Oitava.- Incidencias.**

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbdas que se presenten, e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.



AYUNTAMIENTO DE SOBRADO (A Coruña)  
Plaza Portal, nº 1. 15813 SOBRADO (A Coruña)

### **Novena. Dereito supletorio.**

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal ó servizo das administracións públicas.

### **Décima. Norma final.**

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán impugná-los os interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.”

Sobrado, 7 de novembro de 2016


A secretaría-interventora,

Asdº.- M<sup>a</sup> del Mar Pérez Caamaño



O Alcalde,

Asdº.- Luís Lisardo Santos Ares



# **ANEXO I**

## **VALORACIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN**

### **FASE DE OPOSICIÓN**

#### **Proba práctica (puntuación máxima 10 puntos):**

**Proba práctica:** Constará dunha proba práctica de carácter obligatorio e eliminatorio, na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo.

Esta proba valorarase de 0-10 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

Durante a realización desta proba a Comisión seleccionadora poderá formular as preguntas que considera oportunas, para unha mellor valoración das capacidades do/a aspirante.

### **FASE DE CONCURSO.- Baremo de méritos**

#### **1) Por antigüedad como demandante de emprego (puntuación máxima 3 puntos):**

- De 0 a 6 meses de demandante: 0,5 puntos.
- De 6 a 12 meses de demandante: 1 punto.
- De 12 a 24 meses de demandante: 2 puntos.
- De más de 24 meses de demandante: 3 puntos.

Acreditación por medio da correspondente tarxeta de demandante de emprego ou copia compulsada da mesma.

#### **2) Formación (puntuación máxima 4 puntos):**

Valoraranse os cursos homologados de formación e perfeccionamento seguintes recibidos relacionados coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos):

- Curso de prevención de riscos laborais relacionado co posto: **1 punto.**
- Outros cursos relacionados co posto (**ata 3 puntos**):
  - Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
  - Cursos de 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
  - Cursos de más de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os méritos deste apartado presentaranse por acreditación mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

## **ANEXO II**

### **MODELO DE INSTANCIA.**

D./Dna....., con  
D.N.I. número..... e domicilio a efectos de notificacións e  
comunicación en.....  
CP:..... localidade..... teléfono nº.....

#### **EXPÓN:**

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección de dous peóns a xornada completa para o Servizo de Vixiancia, Seguridade e mantemento das Instalacións Municipais, como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Sobrado polo Servizo Público de Emprego.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección, que coñezo e acepto expresamente.

Polo exposto,

#### **SOLICITO:**

Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a seguinte documentación que se achega.

#### **DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- **Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade**
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....

Sobrado, a ..... de ..... de 2016.

Asdo.:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO**